

PROTOCOLO PARA O USO DE TELÉFONOS MÓBILES E DISPOSITIVOS ELECTRÓNICOS NO CEIP JOAQUÍN RODRÍGUEZ OTERO

Segundo a Orde de 4 de xaneiro de 2024 da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades sobre o uso dos teléfonos móbiles e dispositivos electrónicos nos centros educativos, pola que se aproba o protocolo sobre o uso dos teléfonos móbiles e dispositivos electrónicos nos centros docentes de niveis non universitarios sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia, o obxecto deste protocolo é promover a implantación nos centros educativos de Galicia das boas prácticas no uso dos teléfonos móbiles e dispositivos electrónicos identificadas e, en consecuencia, propoñer as pautas de actuación e intervención que se estima necesario adoptar para garantir a convivencia nos centros educativos, co obxectivo fundamental de desenvolver relacións positivas entre os diferentes membros da comunidade educativa no relativo ao uso destes dispositivos e acadar un clima escolar axeitado que facilite o logro dos obxectivos educativos.

O Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro regulou como norma de convivencia, no artigo 19, a prohibición do uso de teléfonos móbiles e outros dispositivos electrónicos como mecanismo de comunicación durante os períodos lectivos, aspecto que se recolle nas NOFC do centro no artigo 57 do capítulo X. O presente protocolo estende a prohibición de uso de teléfonos móbiles e outros dispositivos electrónicos como mecanismo de comunicación, con carácter xeral, á totalidade da xornada escolar, incorporando os períodos non lectivos.

De acordo co exposto determínanse as seguintes pautas a implantar neste centro educativo, que se identifican como boas prácticas educativas en materia de convivencia escolar:

1. Non se permitirá durante a xornada escolar o emprego libre destes dispositivos electrónicos de comunicación por parte do alumnado.
2. Considéranse aos efectos deste protocolo incluídos na xornada escolar os seguintes períodos non lectivos: as entradas e saídas, o tempo de recreo,



de comedor escolar e os períodos dedicados ao desenvolvemento de actividades complementarias e extraescolares.

3. O non cumprimento destas pautas suporá un incumprimento das normas de convivencia e aplicaranse as medidas correctivas recollidas nas NOFC do centro. En caso de facer uso dispositivos , serán requisados polo profesorado e entregados á dirección que rexistrará a incidencia e o comunicará á familia do alumnado implicado. O dispositivo quedará en custodia na secretaria do centro ata que sexa recollido por un dos adultos responsables do alumnado. O centro educativo non se fai responsable destes dispositivos , recomendándose non traelos o centro escolar.
4. Autorízase a utilización dos dispositivos electrónicos de comunicación como ferramenta pedagóxica baixo a supervisión do profesorado , que incluírá a necesidade de uso destes dispositivos na súa programación da aula ou materia.
5. Exceptuarase desta restrición o emprego proporcionado e razoable dos dispositivos por cuestións de oportunidade ou necesidade, médicas ou de outra índole, sempre e cando o motivo estea xustificado da maneira que se considere en cada caso atendidas as circunstancias, e así sexa autorizado pola dirección do centro, ou, de non ser isto posible, polo profesorado.
Para unha correcta xestión destas excepcións por necesidade , os afectados deben presentar solicitude ante a dirección do centro coa documentación que acredite a necesidade do emprego dos dispositivos electrónicos de comunicación. A dirección autorizará provisionalmente ou non dito uso , e presentará a solicitude ante a comisión de convivencia do Consello Escolar para a súa valoración e aprobación.

O presente protocolo preséntase para a súa aprobación ante o Claustro en sesión do 22 de xaneiro e ante o Consello Escolar en sesión do 29 de xaneiro de 2024, resultando aprobado.

Tras a súa aprobación incluírase no NOFC do centro e facilitarase o seu coñecemento por parte de todos os membros da comunidade educativa.